



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO **ASAMBLEA LOCAL DE A ILLA DE AROUSA**

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA

Carlos Otero Chaves, concelleiro, con domicilio a efectos de notificación na rúa Campo nº 7 deste concello, e con D.I. 35.459.044-J, comparece ante o Concello de A Illa de Arousa e DI:

Que no Boletín Oficial da Provincia do 17 de marzo de 2006 foi publicado o anuncio de aprobación inicial do orzamento e bases de execución do Concello de A Illa de Arousa para o exercicio de 2006, e ao abeiro do disposto na Lei reguladora das Facendas Locais (LFL), en legais tempo e forma, formula a seguinte:

ALEGACIÓN:

O orzamento é un instrumento de planificación económica, aínda que limitado a un exercicio, polo que deben ser incluídos no mesmo todos os actos da entidade local con transcendencia económica que se pretendan realizar durante o ano para o cal se elabora o orzamento, incluíndo no mesmo aquelas obrigacións e a planificación económica das necesidades que o Concello debe atender.

Neste orzamento, no capítulo de investimentos figuran unha partida de 368.000 € destinados á construción dun campo de fútbol de herba artificial. Desta cantidade, 92.000 € serán aportados polo Concello, mentres que 276.000 € o serán pola Deputación Provincial de Pontevedra. Dado que na previsión de ingresos non figura nos orzamentos ese ingreso da Deputación por importe de 276.000 €, temos que concluír que o Goberno municipal pretende facer o gasto desde as arcas municipais no suposto de non recibir ese ingreso. Por tal motivo, propoñemos unha modificación dos orzamentos no sentido seguinte:

- Prever o ingreso e gasto da contribución da Deputación Provincial para o campo de fútbol de herba artificial cunha cantidade ampliábel e simbólica, que permitirá logo o ingreso e o gasto correspondente, se efectivamente se ingresa.

- Destinar eses fondos municipais que aparecen como gasto de 276.000 € aos seguintes investimentos:
 - Arranxo da Escola de Pau para darlle un uso de carácter sociocultural, 30.000 €.
 - Construción dun edificio para o Clube de Dornas a Vela, 50.000 €.
 - Adquisición de local para actividades socioculturais.
 - Publicación da Historia de a Illa de Arousa.
- Manter a contribución municipal de 92.000 € para a construción do campo de fútbol de herba artificial

Polo exposto,

SOLICITA, que teña por presentado este escrito, e na súa virtude, ter por formulada a anterior alegación contra a aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de A Illa de Arousa para o exercicio económico de 2006, acordando as variacións que se propoñen.

A Illa de Arousa, 31 de marzo de 2006.